



## INFORMACION INSCRICION 12º DIA do PEQUEBASKET · Carballo 17 maio 2026

### ORGANIZA e PATROCINA

- ESCOLA BASKET XIRIA
- CONCELLO DE CARBALLO

### COLABORAN

- XUNTA DE GALICIA – DEPORTE GALEGO
- FEDERACION GALEGA BALONCESTO
- HOSTALERIA e TURISMO de CARBALLO

### CATEGORÍA e IDADES

- PEQUEBASKET (Babybasket), xogador@s de idade **entre 5 e 8 anos** (nados entre 2021 e 2018).

### DATA e LUGAR de CELEBRACION

- **DOMINGO 17 de MAIO do 2026** (64º Día das Letras Galegas), en horario de **10:00h a 17:00 horas**.
- Pavillón Municipal **CARBALLO CALERO** e **CEIP BERGANTIÑOS** de **CARBALLO** (A Coruña).  
**Enderezo:** Rúa Carballo Calero, s/n - 15100 **CARBALLO** (A Coruña).  
**Coordenadas GPS:** Latitude: 43.21785 // Lonxitude: -8.6963005

### ONDE e COMO INSCRIBIRSE

Para participar no Torneo hai que cubrir unha **FICHA DE INSCRICION** dispoñible nas web:

- [bit.ly/InscricionDIAdoPEQUEBASKET2026](https://bit.ly/InscricionDIAdoPEQUEBASKET2026) (enlace de acceso directo á inscrición)
- [www.diapequebasket.es](http://www.diapequebasket.es)

Poderán formalizarse ~~ata o Venres 1~~ **AMPLIAMOS ata o luns 4 de Maio (13:00h)**.

### MÁIS INFORMACION

- **Móbil:** [607 847 925](tel:607847925) | **E-mail:** [info@diapequebasket.es](mailto:info@diapequebasket.es) | [club@escolabasketxiria.com](mailto:club@escolabasketxiria.com)

### NORMAS DEPORTIVAS no DIA do PEQUEBASKET

- **Non haberá resultados, nin clasificacións.** Polo que non haberá marcadores nin anotadores.
- Nas **arbitraxes** colaboran o **Colexio Galego de Árbitros** e a **Federación Galega de Baloncesto**.
- A zona de xogo estará dividido en **varias canchas, zona interior** (Pavillón) e **zona exterior** (Colexio).
- A competición deportiva será de **grupos dividida por equipos** en función das idades.
- Os encontros serán de **4 tempos de 6 minutos** cada un e 1 minuto de descanso entre períodos.
- Cada equipo terá **10 xogadores máximo**. As canastras e os balóns serán específicos da categoría.
- Xogarse co **sistema de 4 x 4**, con cambios libres a vontade do adestrador.
- O **tempo de xogo** de todos os encontros será o mesmo e **estará controlado pola mesa central**.



## INFORMACION INSCRICION 12º DIA do PEQUEBASKET · Carballo 17 maio 2026

### AVITUALLAMENTO

A comida e merenda, correrán a cargo da Organización do Torneo. Habilitarase un espazo exclusivo e cuberto (*en caso de choiva*) e indicarse un horario para levar a cabo o avituallamento.

A Organización facilitará auga a tódolos participantes, durante a comida e no transcurso dos encontros.

### AGASALLOS

Tódolos participantes recibirán unha camiseta conmemorativa ao remate do Torneo, durante a clausura.

### ZONA LUDICA e de DIVERSION

Contaremos con varias zonas habilitadas e monitores para os momentos de ocio e “descanso”:

- **ZONA LUDICA.** Gran parque con inchables e zona lúdica con xogos, zona de lecer paralela ao Torneo. Tamén contaremos con talleres de pintura e globoflexia. Será compartida con resto do público, nenos/as, que se acheguen ao evento.
- **ZONA DE COCHES A PEDAIS.** Circuitos de seguridade viaria, con coches a pedais, para sensibilizar ós máis pequenos coa seguridade dos vehículos a motor á hora de circular polas nosas estradas.
- **ZONA DE XOGO.** Haberá zona libre de BASQUET para que nais/pais e fillas/os que o desexen e se acheguen a compartir un intre de deporte e diversión, no Pavillón do CEIP Bergantiños.

### HOSTALERIA LOCAL, onde COMER/DURMIR e COÑECER CARBALLO

- Para as **familias e visitantes que veñan pasar o día** do Torneo e desexen **xantar e/ou pernoitar en Carballo**, indicaranse **locais de Hostalería** que colaboran coa **Escola Basket Xiria** na Organización. **+ Info en DIPTICO (proximamente) e na páxina WEB: [www.turismocarballo.com](http://www.turismocarballo.com)**
- Facilitaranse datos de **aloxamentos ([www.turismocarballo.com](http://www.turismocarballo.com)) para as familias que desexen durmir na localidade** e coñecer Carballo máis polo miúdo, pasando uns días de descanso na Vila.
- Habilitarase **zona específica de aparcamento para os autobuses dos equipos** ao carón do Pavillón. Tamén disporase zona de aparcamento **para os visitantes e familiares** que veñan presenciar o Torneo. **+ Info en DIPTICO (proximamente).**

### + INFORMACION e CONTACTO

Para máis información, pódense dirixir ó teléfono **607 847 925** (Arturo Ferraces), whatsapp **607 847 924**, no enderezo electrónico: [info@diapequebasket.es](mailto:info@diapequebasket.es) e visitando a páxina web do torneo: [www.diapequebasket.es](http://www.diapequebasket.es)

A Organización contratará un **Seguro de Accidentes** con cobertura de Asistencia Sanitaria para os xogadores inscritos no Torneo sen cobertura Xogade. O Club Escola Basket Xiria posúe un Seguro de Responsabilidade Civil.